

## Achegándonos ao medio rural II: Lingua, muller e dinámica social

Neste 2011 cúmprense 80 anos do sufraxio feminino no Estado Español. Con este motivo, e atendendo a orientación formativa do Campus de Lugo cara ao medio rural, as Comisións de Normalización Lingüística das Facultades de Humanidades e Veterinaria e das Escolas de Formación de Profesorado e Escola Politécnica Superior queremos propoñer como temática para a reflexión o trinomio lingua, muller e medio rural. As xornadas son continuación das primeiras Xornadas Achegándonos ao Medio Rural, organizadas pola CNL da Fac. de Veterinaria no ano 2010. Os obxectivos que nos fixamos teñen que ver con:

- Dar a coñecer o papel das mulleres na transmisión de recursos lingüísticos acordos coas necesidades contextuais de Galicia.
- Definir estratexias e criterios para o desenvolvemento profesional das mulleres no medio rural.
- Poñer de manifesto a permeabilidade das dinámicas entre o rural e o urbano e entre o local e o global en relación coa función social das mulleres.
- Difundir experiencias profesionais de mulleres centradas na utilización da lingua galega.
- Achegar a realidade das mulleres que traballan e viven no medio rural á comunidade universitaria e ao público en xeral.

As xornadas artéllanse arredor de 4 táboas redondas e unha conferencia marco. Cada unha das táboas redondas organizase entorno a experiencias de mulleres que apostaron polo rural en temáticas relacionadas cos centros e coa difusión dos usos lingüísticos.

### Matrícula e información

#### Praza de matrícula

##### Gratuíta

Do 1 ao 14 de marzo de 2011, ambos incluídos.

#### Prazas

150 prazas, que se cubrirán por orde de matrícula.

#### Destinatarios/as

Estudantes das Facultades de **Veterinaria, Humanidades, Escola de Formación de Profesorado e EPS**, mais están abertas a toda a comunidade universitaria (estudantes, PDI e PAS) e ao público en xeral.

#### Acreditación

Para obter o certificado de asistencia é necesario participar no 80% das actividades.

#### Formalizar matrícula

A través da páxina web

<http://www.usc.es/snl/dinamiza/mediorural.htm>

#### Recoñecemento da actividade e requisitos

A USC emitiralles un **diploma de asistencia** á actividade, no cal figurará o número de horas presenciais (**10 horas**), a todas aquelas persoas que se matriculen e asistan regularmente ás Xornadas. Haberá control de asistencia.

<http://www.usc.es/snl/dinamiza/mediorural.htm>

### Colaboran:



DEPUTACIÓN DE LUGO  
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



# achegándonos ao medio rural II

## xornadas sobre lingua, muller e dinámica social

16, 23 e 30 de marzo, 6 e 14 abril de 2011

Campus de Lugo

Entregarase un diploma de asistencia



Organizan

Comisións de Normalización Lingüística da Fac. de Veterinaria, Escola Politécnica Superior, Fac. de Humanidades, Escola de Formación de Profesorado do Campus de Lugo.



# lingua, muller e dinámica social

## Programa

### Mércores 16 de marzo

- 19:00 **Acto de apertura**
- Lugar: Salón de Actos da Vicerreitoría do Campus de Lugo (enfrente á Catedral)
- 19:15-20:30 Conferencia inaugural: **"O papel das mulleres nas dinámicas de substitución ou de mantemento da lingua"**
- Goretti Santamaría Ríos  
Universidade da Coruña

### Mércores 30 de marzo

- 17:00-19:00 Táboa redonda : **Mulleres para un mundo rural vivo**
- Lugar: Escola Politécnica Superior
- Participan:
- Iria Villar. Técnica de aconsellamento de explotacións
  - Pilar Vispo Rodrigues. Xefe de explotación de horta en Vila de Cruces
  - Teresa Sanjurjo. Gandeira de ACRUGA

### Xoves 14 de abril

- 17:00-19:00 Táboa redonda : **Vivir no lugar: lingua, xénero e poder**
- Lugar: Fac. de Humanidades
- Participan:
- Representante de Granxa Maruxa, Cumbraos, Monterroso
  - Traballadora despedida do Grupo Sargadelos
  - Representante da Casa da Muller do Concello de Lugo
  - Elena Freire, antropóloga, USC

### Mércores 23 de Marzo

- 17:00-19:00 Táboa redonda : **Mulleres apostando polo medio rural**
- Lugar: Fac. de Veterinaria
- Participan:
- Roser Cervera Rotllant. Veterinaria clínica
  - Ingeborg Rossel. Empresaria rural
  - Cooperativa Ribeira do Navia
  - Ana Castro. Empresaria rural e estudante de veterinaria

### Mércores 6 de abril

- 17:00-19:00 Táboa redonda : **Educación, lingua e muller no rural galego actual: panel de experiencias**
- Lugar: Escola de Formación de Profesorado
- Participan:
- Representante da Fundación Preescolar na Casa
  - Mestra dunha escola rural
  - Nai dunha escola rural